

ASUNTO: INSTRUCCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN E ACTUACIÓN DAS COMISIÓNS ESPECÍFICAS DE ÁREA.

En aplicación do acordo do Consello de Goberno do día 27 de xuño de 2005, infórmolle das instrucións para a constitución e actuación das Comisións Específicas de Área:

1) Para a valoración dos méritos dos aspirantes, os Consellos de Departamento elixirán unha Comisión Específica de Área de coñecemento, composta por cinco membros da área de coñecemento ou, no seu defecto, de áreas afíns e con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á da praza obxecto de concurso.

O Consello de Departamento remitirá a proposta de Comisión Específica de Área xunto coa solicitude da praza ao Vicerreitorado.

2) De formar parte da Comisión Específica de Área o director de departamento, corresponderalle a súa presidencia, e de non ser así, esta será asumida polo membro da comisión de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

3) A designación como membro dunha Comisión Específica de Área é irrenunciable, agás cando concorran os motivos de abstención sinalados no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou outra causa xustificada que impida a súa actuación como membro da devandita comisión.

Calquera membro poderá ser recusado cando concorra algunha das causas previstas no artigo 29 da mesma Lei.

4) Nos casos de abstención, recusación ou causa xustificada que impida a actuación dalgún dos seus membros, a comisión quedará validamente constituída coa asistencia de catro membros e poderá actuar coa participación, cando menos, de tres, requiríndose sempre a presenza do presidente e do secretario ou de se-lo caso, dos que os substitúan.

As Comisións Específicas de Área tomarán os seus acordos por maioría dos membros presentes e no caso de empate decidirá o voto do presidente. Os membros da comisión que non asistan a algunha das súas reunións cesarán na súa calidade de membros, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen ter incorrido.

5) O presidente da Comisión Específica de Área, logo da consulta aos restantes membros, ditará unha resolución que deberá ser notificada a tódolos compoñentes cunha antelación mínima de sete días naturais, convocándoos para efectua-lo acto da súa constitución, elixir de entre eles ao secretario (a quen corresponderán as actuacións administrativas) e aprobar os criterios de valoración. Neste momento, a Comisión Específica de Área especificará as titulacións e áreas básicas ou propias e afíns.

Os criterios de valoración remitiranse de inmediato ao Servizo de Persoal Docente e Investigador, para publicalos xunto coa convocatoria do concurso.

6) A Comisión Específica de Área disporá dun prazo de dez días naturais para a avaliar os méritos e realizar a proposta de adxudicación da praza, contados dende que reciba a documentación dos aspirantes admitidos a concurso. Poderá acordar a realización de entrevistas cos candidatos.

7) A Comisión Específica de Área adoptará un acordo motivado que constará necesariamente dos seguintes documentos:

a) Proposta de provisión da praza a prol do candidato que obteña a puntuación máis alta, indicando os concursantes que se consideran idóneos para ser contratados

b) Relación de todos os candidatos ordenados pola puntuación total.

c) Puntuacións detalladas dos candidatos en cada un dos apartados do baremo.

8) Se a Comisión Específica de Área considera que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando pormenorizadamente, as causas que motivan tal proposta.

9) O acordo de adxudicación da praza, xunto coa documentación dos concursantes, será remitido ao Servizo de Persoal Docente e Investigador que o publicará, de contado, nos lugares previstos na respectiva convocatoria de concurso.

En aplicación do artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, relativo á composición paritaria de tribunais examinadores, os Departamentos deberán elixir aos membros das Comisións, cumprindo co principio de paridade legalmente establecido. procurando unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.